



**Proceso para a adquisición da condición de  
persoal funcionario de carreira do corpo superior  
da Administración xeral e corpo facultativo  
superior da Administración especial da  
Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1,  
do persoal laboral fixo de diversas categorías e  
postos pertencentes ao Grupo I, do V convenio  
colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia,  
mediante o seu cambio de vínculo xurídico.**

## **Proba tipo test**

MODELO B

**NON abra o exame ata que se lle indique**



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
FACENDA E  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



**1. A Lei 39/2015, no seu artigo 5, prevé que deberá incorporar ao expediente administrativo a acreditación da condición de representante e dos poderes que ten recoñecidos nese momento:**

- a) O órgano competente para a iniciación do procedemento.
- b) O órgano competente para a resolución do procedemento.
- c) O órgano competente para a tramitación do procedemento.

**2. Respecto aos rexistros electrónicos de apoderamentos regulados no artigo 6 da Lei 39/2015 (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Neles non deberá constar a verificación realizada do poder.
- b) No ámbito estatal, este rexistro será o Rexistro Electrónico de Apoderamentos da Administración Xeral do Estado.
- c) Cada organismo poderá dispoñer do seu propio rexistro electrónico de apoderamentos.

**3. De conformidade co artigo 6 da Lei 39/2015, serán interoperables cos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Os rexistros mercantís.
- b) Os rexistros civís
- c) Os rexistros da propiedade.

**4. De acordo coa regulación prevista no artigo 6 da Lei 39/2015 (sinale a resposta correcta):**

- a) Os poderes inscritos no rexistro terán unha validez determinada máxima de catro anos computables desde a data de inscrición.
- b) O apoderamento *apud acta* outorgarase unicamente mediante comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica a través dos sistemas de sinatura electrónica previstos nesta lei.
- c) Cada comunidade autónoma aprobará os modelos de poderes inscribibles no rexistro cando se circunscriba a actuacións ante a súa respectiva Administración.

**5. Ao referirse ao arquivo de documentos, o artigo 17 da Lei 39/2015 prevé que:**

- a) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- b) Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos en tramitación, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- c) Cada Administración poderá manter arquivos electrónicos para todos e cada un dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos en tramitación ou finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.

**6. O artigo 17 da Lei 39/2015, ao referirse á conservación dos documentos electrónicos, establece que se fará nun formato que (sinala a resposta incorrecta):**

- a) Permita garantir a autenticidade do documento.
- b) Permita garantir a integridade e a conservación do documento ata un máximo de 50 anos.
- c) Permita garantir a consulta do documento, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión.

**7. De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 39/2015, a eliminación dos documentos electrónicos:**

- a) Deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- b) Non será posible en ningún caso.
- c) Farase de oficio unha vez transcorridos 20 anos desde a súa emisión ou mediante requirimento xudicial.

**8. O artigo 71 da Lei 39/2015 dispón, en relación co impulso, que:**

- a) O procedemento, sometido ao principio de celeridade, impulsarase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de transparencia e publicidade.

- b) O procedemento, sometido ao principio de transparencia, impulsárase de oficio en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de concorrencia e publicidade.
- c) O procedemento, sometido ao principio de eficacia, impulsárase a instancia de parte en todos os seus trámites e a través de medios electrónicos, e respectaranse os principios de transparencia e celeridade.

**9. Ao referirse á concentración de trámites, o artigo 72 da Lei 39/2015 indica que de acordo co principio de simplificación administrativa:**

- a) Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
- b) Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, admitan un impulso simultáneo e non sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.
- c) Acordaranse nun só acto todos os trámites que, pola súa natureza, non admitan un impulso simultáneo e sexa obrigado o seu cumprimento sucesivo.

**10. O artigo 73 da Lei 39/2015 dispón que, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe un prazo distinto, os trámites que deban ser cubertos polos interesados deberán realizarse no prazo de:**

- a) Quince días a partir do día da notificación do correspondente acto.
- b) Dez días a partir do día da notificación do correspondente acto.
- c) Dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto.

**11. Respecto das cuestións incidentais, o artigo 74 da Lei 39/2015 establece que:**

- a) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, salvo as que se refiran á nulidade de actuacións, suspenderán a tramitación deste, salvo a recusación.
- b) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á nulidade de actuacións, non suspenderán a tramitación deste, salvo a recusación.

- c) As cuestións incidentais que se susciten no procedemento, incluso as que se refiran á anulabilidade de actuacións, suspenderán a tramitación deste, salvo a recusación.

**12. De conformidade coa dicción do artigo 75 da Lei 39/2015:**

- a) O órgano instrutor adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de contradición e de igualdade dos interesados no procedemento.
- b) O órgano que resolva o procedemento adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de contradición e de coordinación dos interesados no procedemento.
- c) O órgano instrutor adoptará as medidas necesarias para lograr o pleno respecto aos principios de eficacia e de participación dos interesados no procedemento.

**13. O artigo 76 da Lei 39/2015 establece que os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:**

- a) En todo momento.
- b) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia.
- c) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de información pública.

**14. De conformidade co artigo 80 da Lei 39/2015, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán:**

- a) Preceptivos e vinculantes.
- b) Facultativos e vinculantes.
- c) Facultativos e non vinculantes.

**15. O artigo 80 da Lei 39/2015 indica que, de non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora:**

- a) Suspenderase o prazo máximo legal para resolver o procedemento ata que se emita o informe.

- b) Poderanse proseguir as actuacións, salvo cando se trate dun informe preceptivo e, nese caso, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento.
- c) Poderase continuar co procedemento e non se terá en conta o informe emitido fóra de prazo.

**16. O artigo 80 da Lei 39/2015 dispón que os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor, no prazo de:**

- a) Dez días.
- b) Quince días.
- c) Vinte días.

**17. No caso dos procedementos de responsabilidade patrimonial, o artigo 81 establece que:**

- a) Será facultativo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, e non poderá exceder de dez días o prazo da súa emisión.
- b) Será preceptivo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, e non poderá exceder de dez días o prazo da súa emisión.
- c) Será preceptivo solicitar informe ao servizo cuxo funcionamento ocasionase a presunta lesión indemnizable, e non poderá exceder de quince días o prazo da súa emisión.

**18. O ditame do Consello de Estado ou, se é o caso, do órgano consultivo da comunidade autónoma previsto no artigo 81 da Lei 39/2015, respecto dos procedementos de responsabilidade patrimonial:**

- a) Emitirase no prazo de tres meses e deberá pronunciarse sobre a existencia ou non de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida.

- b) Emitirase no prazo de dous meses e deberá pronunciarse sobre a existencia ou non de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida, pero non poderá versar sobre a contía e modo da indemnización.
- c) Emitirase no prazo de dous meses e deberá pronunciarse sobre a existencia ou non de relación de causalidade entre o funcionamento do servizo público e a lesión producida e, se é o caso, sobre a valoración do dano causado e a contía e modo da indemnización.

**19. Segundo o artigo 15 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o acordo de creación e as normas de funcionamento dos órganos colexiados deberán ser publicados no boletín ou diario oficial da Administración pública en que se integran:**

- a) Cando estes órganos non ditén resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) Cando estes órganos sexan consultivos e ditén resolucións que teñan efectos xurídicos sobre outros órganos administrativos.
- c) Cando estes órganos ditén resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.

**20. Segundo o artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos colexiados terán un secretario que poderá ser:**

- a) Un membro do propio órgano ou unha persoa ao servizo da Administración pública correspondente.
- b) Un membro do propio órgano en todo caso.
- c) Unha persoa ao servizo da Administración pública correspondente en todo caso.

**21. Segundo o artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a válida constitución dun órgano colexiado, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia:**



- a) Presencial en todo caso do presidente e do secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e presencial ou a distancia e a da metade, polo menos, dos seus membros.
- b) Presencial ou a distancia do presidente e do secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e a da metade, polo menos, dos seus membros.
- c) Presencial ou a distancia do presidente e do secretario ou, se é o caso, de quen os supla, e a da maioría absoluta, polo menos, dos seus membros.

**22. Segundo o artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a acta de cada sesión dun órgano colexiado:**

- a) Poderá aprobarse na mesma reunión ou na inmediata seguinte.
- b) Nunca poderá aprobarse na mesma reunión, só na inmediata seguinte.
- c) Só poderá aprobarse na mesma reunión se se redacta e asina no día da reunión.

**23. Segundo o artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as infraccións moi graves prescribirán:**

- a) Segundo o disposto nas leis que as establezan.
- b) En calquera caso aos tres anos.
- c) En calquera caso aos dous anos.

**24. Segundo o artigo 31 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán sancionarse os feitos que o foran penal ou administrativamente, nos casos en que se aprecie:**

- a) Identidade do suxeito, feito e sanción.
- b) Identidade do suxeito, feito e fundamento.
- c) Identidade do suxeito, sanción e fundamento.

**25. Segundo o artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en relación coa responsabilidade patrimonial das administracións públicas, o dano alegado haberá de ser:**

- a) Efectivo, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.

- b) Posible, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas.
- c) Efectivo, monetario e individualizado con relación a unha persoa, pero non a grupos de persoas.

**26. Segundo o artigo 149 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a convocatoria de reunións da Conferencia Sectorial será:**

- a) Polo menos unha vez ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a metade dos seus membros.
- b) Polo menos unha vez ao ano ou cando o soliciten, polo menos, a terceira parte dos seus membros.
- c) Polo menos unha vez ao semestre ou cando o soliciten, polo menos, a metade dos seus membros.

**27. Segundo o artigo 150 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o secretario de cada Conferencia Sectorial é designado por:**

- a) O presidente da Conferencia Sectorial.
- b) O conxunto dos membros da Conferencia Sectorial.
- c) A maioría simple dos membros da Conferencia Sectorial.

**28. Segundo o artigo 150 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o secretario de cada Conferencia Sectorial terá como funcións:**

- a) Preparar as reunións e asistir a elas con voz e voto.
- b) Convocar as reunións por iniciativa propia e asistir a elas con voz e voto.
- c) Preparar as reunións e asistir a elas con voz pero sen voto.

**29. Segundo o artigo 16.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, son contratos de subministración aqueles que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens:**

- a) Mobles.
- b) Inmobles.

c) Mixtos.

**30. De acordo co artigo 16.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo do disposto na letra b) do apartado 3 deste artigo respecto dos contratos que teñan por obxecto programas de computador, non terán a consideración de contrato de subministración os contratos relativos a:**

- a) Propiedades corporais.
- b) Propiedades incorporais ou valores negociables.
- c) Valores innegociables.

**31. De acordo co artigo 16.3.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente?:**

- a) Os de obra.
- b) Os de servizos.
- c) Os de subministracións.

**32. Segundo o artigo 16.3.b) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que tipo de contratos son aqueles que teñen por obxecto a adquisición e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións ou para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas, e a cesión do dereito de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta á disposición?:**

- a) Os privados.
- b) Os mixtos.
- c) Os de subministracións.

**33. Segundo o artigo 38.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos celebrados polos poderes adxudicadores, incluídos os contratos subvencionados a que se refire o artigo 23, serán inválidos cando**

**concorra neles algunha das causas que os invalidan de conformidade coas disposicións do:**

- a) Dereito civil.
- b) Dereito penal.
- c) Dereito político.

**34. De conformidade co artigo 42.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a declaración de nulidade dos actos preparatorios do contrato ou da adxudicación, cando sexa firme, suporá a nulidade de:**

- a) O mesmo contrato.
- b) Só unha parte do contrato.
- c) Só os actos preparatorios.

**35. De conformidade co artigo 42.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con relación á declaración de nulidade, a parte que resulte culpable deberá indemnizar a contraria de:**

- a) Os danos morais unicamente.
- b) Os danos e perdas que sufrise.
- c) Os danos e perdas que non sufrise.

**36. De conformidade co artigo 44.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a:**

- a) Dez millóns de euros.
- b) Seis millóns de euros.
- c) Tres millóns de euros.

**37. De conformidade co artigo 44.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación os contratos de subministracións cuxo valor estimado sexa superior a:**

- a) 100.000 euros.

- b) 3.000.000 euros.
- c) 6.000.000 euros.

**38. De conformidade co artigo 45.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais estará adscrito ao:**

- a) Ministerio de Deportes.
- b) Ministerio de Cultura.
- c) Ministerio de Facenda e Función Pública.

**39. De conformidade co artigo 45.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais estará composto por:**

- a) Un presidente e un mínimo de cinco vogais.
- b) Un mínimo de dous vogais unicamente.
- c) Un presidente unicamente.

**40. De conformidade co artigo 45.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, o incremento do número de vogais require:**

- a) Acordo dun xefe de servizo.
- b) Acordo dun ministro.
- c) Real Decreto.

**41. De acordo co artigo 45.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a designación do presidente e dos vogais deste Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais realizarase polo:**

- a) Goberno.
- b) Rei.
- c) Senado.

**42. De conformidade co artigo 48 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, poderá interpoñer o recurso especial en materia de contratación calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados:**

- a) De maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- b) Só de maneira directa, polas decisións obxecto do recurso.
- c) Só de maneira indirecta, polas decisións obxecto do recurso.

**43. De acordo co artigo 52.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a presentación da solicitude de acceso ao expediente:**

- a) Non paralizará en ningún caso o prazo para a interposición do recurso especial.
- b) Paralizará sempre o prazo de interposición do recurso especial.
- c) Paralizará nalgúns casos o prazo de interposición do recurso especial.

**44. De conformidade co artigo 54 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para a resolución dos recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento faranse:**

- a) Por medios electrónicos.
- b) Por correo ordinario.
- c) Por carta.

**45. Segundo o artigo 55 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a que órgano lle corresponde, tras a reclamación e o exame do expediente administrativo, declarar a inadmisión do recurso:**

- a) Ao órgano encargado de resolvelo.
- b) Ao órgano de contratación.
- c) Ao órgano de adxudicación.

**46. De conformidade co artigo 56.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a práctica das probas anunciarase aos interesados:**

- a) Cunha antelación de dous meses.
- b) Cunha antelación dun mes.
- c) Con antelación suficiente.

**47. Segundo o disposto no artigo 12 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade por quen designe o órgano competente para o nomeamento daqueles. Se non se designa suplente:**

- a) A competencia do órgano administrativo será exercida por quen designe o órgano administrativo inmediato superior do que dependa.
- b) A suplencia requirirá autorización previa da persoa titular da consellería competente.
- c) A competencia do órgano administrativo será exercida polo órgano en quen delegue a persoa titular da consellería competente.

**48. En base ao disposto no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación cos conflitos de atribucións:**

- a) Só poderán producirse entre órganos dunha mesma consellería e serán resoltos polo superior xerárquico. Contra a resolución que resolva o conflito poderá interpoñerse recurso de alzada ante a consellería.
- b) Serán resoltos por acordo asinado conxuntamente cando se produzan entre órganos dunha mesma consellería, sen que caiba discrepancia ningunha.
- c) Os conflitos de atribucións positivos ou negativos entre órganos dunha mesma consellería serán resoltos polo superior xerárquico común no prazo de dez días hábiles sen que caiba recurso ningún.

**49. En base ao disposto no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación cos conflitos de atribucións positivos:**

- a) O órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto, sen que poida suspenderse o procedemento.
- b) O órgano que se considere competente remitirá as actuacións ao seu superior xerárquico, que decidirá no prazo de dez días naturais.
- c) O órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto, o cal suspenderá o procedemento por un prazo de dez días hábiles.

**50. En base ao artigo 14 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as normas contidas no título I, capítulo I, sección 3.<sup>a</sup>, relativas aos órganos colexiados:**

- a) Non lle serán aplicables ao Consello da Xunta nin ás súas comisións delegadas.
- b) Seranlle aplicables ao Consello da Xunta e ás súas comisións delegadas.
- c) Non lle serán aplicables ao Consello da Xunta, pero regularán o réxime de funcionamento das súas comisións delegadas.

**51. De conformidade co artigo 21.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, os órganos colexiados:**

- a) Non poderán constituírse nin adoptar acordos utilizando medios electrónicos.
- b) Non poderán constituírse utilizando medios electrónicos, pero poderán adoptar acordos utilizando medios electrónicos sempre que se garanta a dispoñibilidade de medios.
- c) A constitución dos ditos órganos colexiados, así como comunicacións e adopción de os acordos realizaranse preferentemente por medios electrónicos.

**52. En base ao establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación cos órganos colexiados consultivos:**

- a) Denominaranse consellos cando teñan carácter interdepartamental.
- b) Terán carácter interdepartamental cando a súa función sexa asesorar.



- c) Os seus informes non terán carácter vinculante, agás disposición legal en sentido contrario.

**53. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, é un fin desta lei:**

- a) A modernización dos sectores privado e público autonómico, aplicando as tecnoloxías existentes en cada momento, de xeito que a actividade pública sexa máis transparente, áxil, responsable e innovadora.
- b) O impulso do uso da identificación electrónica e dos servizos de confianza para as transaccións dixitais e/ou analóxicas.
- c) A regulación da infraestrutura e dos sistemas tecnolóxicos que habilitan o funcionamento dixital do sector público autonómico de Galicia.

**54. De conformidade co establecido no artigo 5.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoveran o desenvolvemento dos servizos públicos dixitais que:**

- a) Atendan de xeito non personalizado á cidadanía, sen ter en conta as súas circunstancias.
- b) Promovan actuacións simplificadas ou automatizadas que reduzan os tempos de atención ou resolución administrativa.
- c) Teñan en conta as características especiais das zonas urbanas, tanto na súa concentración como na dispoñibilidade de medios de acceso aos servizos públicos dixitais.

**55. De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a Xunta de Galicia determinará as medidas necesarias para garantir:**

- a) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia que residan no ámbito da Unión Europea, e as entidades galegas asentadas fóra de Galicia, teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.

- b) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia, excluindo as entidades galegas asentadas fóra de Galicia, teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.
- c) Que os cidadáns e cidadás galegas residentes fóra de Galicia e as entidades galegas asentadas fóra de Galicia teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación.

**56. De conformidade co establecido no artigo 13.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, relativo aos usos lingüísticos:**

- a) Os contidos e servizos dixitais estableceranse en castelán como lingua de contacto inicial.
- b) Os contidos e servizos dixitais estableceranse en castelán e galego como linguas de contacto inicial.
- c) Os contidos e servizos dixitais estableceranse en galego como lingua de contacto inicial.

**57. De conformidade co establecido no artigo 16.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, relativo ao ámbito de aplicación da sede electrónica da Xunta de Galicia:**

- a) Abarca ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico de Galicia.
- b) Abarca ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico de Galicia e as entidades privadas que así o soliciten.
- c) Abarca ao conxunto de órganos e entidades que configuran o sector público autonómico de Galicia exceptuando aos entes instrumentais da administración da Xunta de Galicia.

**58. Segundo o establecido no artigo 33.8 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os días e horario nos que estarán abertas ao público as oficinas de atención á cidadanía e rexistro determinaranse:**

- a) Mediante decreto do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Mediante lei do Parlamento de Galicia.

- c) Mediante orde da persoa titular da consellería competente na materia.

**59. Segundo o establecido no artigo 35.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, non é unha función das oficinas de atención á cidadanía e rexistro:**

- a) Contestar as queixas e suxestións presentadas e asesorar as persoas usuarias sobre o exercicio de calquera dereito.
- b) Prover dos medios de identificación dixital ás persoas que así o soliciten.
- c) Practicar as comunicacións e notificacións nos casos previstos no artigo 41.1.a) da lei 39/2015, do 1 de outubro.

**60. Segundo o establecido no artigo 42 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas, nas súas relacións co sector público autonómico, poderán identificarse de xeito electrónico a través de:**

- a) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos ou non na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.
- b) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que a administración estatal considere válido, nos termos e condicións que se establezan.
- c) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na Lista de confianza de prestadores cualificados de servizos electrónicos de confianza.

**61. Segundo o establecido no artigo 44.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, cando as persoas interesadas utilicen un sistema de sinatura dos previstos na dita lei, a súa identidade entenderase acreditada:**

- a) Mediante o propio acto da sinatura.
- b) Posteriormente mediante unha comunicación dirixida ao órgano competente para a tramitación do procedemento.
- c) Posteriormente a requirimento do órgano competente para a tramitación do procedemento.

**62. Segundo o establecido no artigo 45.3 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, a encargada dos contidos e servizos comúns, xestión tecnolóxica, continuidade, accesibilidade e seguridade do sistema Notifica.gal será:**

- a) A entidade do sector público con competencias en materia de administracións públicas.
- b) A entidade do sector público con competencias en relacións coa cidadanía.
- c) A entidade do sector público con competencias en desenvolvemento dixital.

**63. Segundo o recollido no artigo 5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, pódense ditar normas singulares para adecuar esta lei ás peculiaridades:**

- a) Do persoal investigador.
- b) Do persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
- c) Do persoal docente dependente da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.

**64. Que persoal, segundo o recollido no artigo 11 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, se rexe pola súa normativa reguladora e, supletoriamente, por esta lei:**

- a) O persoal dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) O persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia.
- c) O persoal funcionario de administración e servizos das universidades públicas galegas.

**65. Segundo o artigo 22 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas correspóndelle exclusivamente:**

- a) Ao persoal funcionario de carreira.
- b) Ao persoal funcionario.
- c) Aos empregados públicos.

**66. Segundo o recollido no artigo 25 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a Administración pode nomear substitutos do persoal funcionario interino:**

- a) Previa autorización das direccións xerais competentes en materia de función pública e de orzamentos.
- b) Nos supostos recollidos no mesmo artigo 25 da lei.
- c) A Lei 2/2015 non establece as substitucións do persoal funcionario interino.

**67. Segundo o recollido literalmente no artigo 27 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, incorrerán en responsabilidades, nos termos previstos por esta lei:**

- a) As persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal.
- b) As persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal pola adopción de acordos manifestamente ilegais que causen prexuízo grave á Administración pública en que presten servizos ou aos cidadáns.
- c) As persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal. As responsabilidades serán valoradas a través da tramitación do procedemento previamente establecido.

**68. Segundo o artigo 63 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a condición de persoal laboral adquirese:**

- a) Pola superación do proceso selectivo.
- b) Pola sinatura do contrato de traballo, logo da acreditación de que se reúnen os requisitos e as condicións exixidas e da superación do correspondente proceso selectivo.

- c) Pola sinatura do contrato de traballo, logo da acreditación de que se reúnen os requisitos e as condicións exixidas e, de ser o caso, da superación do correspondente proceso selectivo.

**69. Segundo o artigo 66 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a perda da nacionalidade daqueles Estados aos cales, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores, que fose tida en conta para o nomeamento:**

- a) Determina a perda da condición de persoal funcionario.
- b) Determina a perda da condición de persoal funcionario, salvo que con posterioridade se adquira a nacionalidade dalgún dos devanditos Estados.
- c) Determina a perda da condición de persoal funcionario, salvo que simultaneamente se adquira a nacionalidade dalgún dos devanditos Estados.

**70. Segundo o artigo 67 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a pena accesoria de inhabilitación absoluta:**

- a) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que se desempeñasen, cando adquira firmeza a sentenza que se impoña.
- b) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que se desempeñasen, cando se notifique a sentenza que a impoña.
- c) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que se desempeñasen, cando se dite a sentenza que a impoña.

**71. Segundo a redacción do artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a xubilación do persoal funcionario pode ser, entre outras:**

- a) Voluntaria, polo cumprimento da idade legalmente establecida.
- b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.
- c) Ordinaria, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

**72. Segundo a redacción do artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a xubilación do persoal funcionario pode ser, entre outras:**

- a) Pola declaración de incapacidade permanente absoluta para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala.
- b) Polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente parcial en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.
- c) Polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

**73. Conforme co recollido no artigo 76 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, para os efectos desta lei, considérase itinerario profesional:**

- a) O conxunto dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.
- b) O conxunto de corpos e escalas dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.
- c) O conxunto de corpos e escalas dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.

**74. Segundo o artigo 79 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as relacións de postos de traballo establecerán, de ser o caso:**

- a) A categoría profesional mínima que o persoal funcionario deberá reunir para acceder a cada posto.
- b) A categoría profesional mínima que os empregados públicos deberán reunir para acceder a cada posto.
- c) A categoría profesional mínima que o persoal funcionario de carreira deberá reunir para acceder a cada posto.

**75. O artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia recolle que cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a**

**valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna vertical preverase unha puntuación específica para quen estea a utilizar ou utilizase nos últimos cinco anos:**

- a) Unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada, unha excedencia por agrupación familiar ou unha excedencia para o coidado de familiares.
- b) Unha licenza de maternidade, un permiso por adopción ou acollemento, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares.
- c) Un permiso por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares.

**76. O artigo 81 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle literalmente que as convocatorias de procesos selectivos para a promoción interna horizontal do persoal funcionario de carreira poderán:**

- a) Eximir total ou parcialmente dalgunha das probas selectivas, e/ou reducir parte do temario, ao persoal que proceda dun corpo ou escala que teña asignadas funcións substancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico coas do corpo ou escala a que desexa promover.
- b) Eximir total ou parcialmente dalgunha das probas selectivas ao persoal que proceda dun corpo ou escala que teña asignadas funcións substancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico coas do corpo ou escala a que desexa promover.
- c) Reducir parte do temario ao persoal que proceda dun corpo ou escala que teña asignadas funcións substancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico coas do corpo ou escala a que desexa promover.

**77. O artigo 84 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle que a valoración da conduta profesional dos empregados públicos mediante a avaliación do desempeño terá en conta necesariamente os seguintes criterios (sinalar a opción incorrecta):**



- a) O grao de implicación na actualización e no perfeccionamento da cualificación profesional da unidade administrativa en que presten os seus servizos os empregados públicos.
- b) O grao de interese, a iniciativa e o esforzo con que os empregados públicos realicen o seu traballo.
- c) O grao de cumprimento dos deberes profesionais.

**78. Con base no recollido no artigo 94 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a competencia para a remoción dos postos de traballo provistos por concurso na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico corresponde:**

- a) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- b) Á consellería ou á entidade en que estea destinada a persoa afectada, respectivamente.
- c) Á consellería competente en materia de función pública.

**79. Segundo o artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que cese nun posto de traballo sen obter outro polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei quedará:**

- a) Á disposición da consellería competente en materia de función pública ou órgano equivalente.
- b) Á disposición do órgano competente en materia de persoal da consellería competente en materia de función pública.
- c) Á disposición do órgano competente en materia de persoal da Administración pública en que estea destinado.

**80. Segundo o artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a conformidade da persoa afectada será necesaria:**

- a) Para a adscrición provisional cando implique cambio de entidade.
- b) Para a adscrición provisional cando implique cambio de consellería.

- c) Para a adscrición provisional cando implique cambio de localidade.

**81. O persoal funcionario afectado por un traslado voluntario a sectores prioritarios de actividade pública con necesidades específicas de efectivos, recollido no artigo 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia:**

- a) Percibirá as retribucións correspondentes ao posto de traballo de orixe.
- b) Percibirá as retribucións correspondentes ao posto de traballo que realmente desempeñe ou as do posto de orixe no caso de que o traslado sexa por atribución de tarefas.
- c) No caso de que o traslado sexa motivado pola existencia de sectores prioritarios da actividade pública con necesidades específicas de efectivos, percibirá as retribucións correspondentes ao posto de traballo de orixe.

**82. Segundo o artigo 102 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, para a mobilidade interadministrativa por motivos de violencia de xénero ou de violencia sexual:**

- a) No caso de que a relación de postos de traballo non permita a cobertura do posto por persoal doutras administracións públicas, será necesario realizar unha modificación da relación de postos de traballo que permita a cobertura.
- b) É necesario que a relación de postos de traballo permita a cobertura do posto por persoal doutras administracións públicas.
- c) Non é necesario que a relación de postos de traballo permita a cobertura do posto por persoal doutras administracións públicas.

**83. Conforme co sinalado no artigo 122 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo coma permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de:**

- a) Dezaseis semanas.
- b) Vinte semanas.
- c) Vinte e dúas semanas.

**84. Segundo o artigo 129.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública pódense concedérselle igualmente, durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas, ao persoal funcionario en prácticas que xa estivese prestando servizos remunerados na Administración como:**

- a) Empregado público.
- b) Persoal funcionario de carreira.
- c) Persoal funcionario.

**85. Segundo o artigo 129.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nas licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública, no caso de que os servizos como funcionario de carreira se prestasen na mesma Administración na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas:**

- a) Poderá optarse por percibir as retribucións que correspondan como persoal funcionario de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas.
- b) Percibiranse as retribucións que correspondan como persoal funcionario de carreira.
- c) Percibiranse as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas.

**86. Segundo o recollido no artigo 134 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, non se poderán acordar incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente:**

- a) Na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Na Lei de orzamentos xerais do Estado.
- c) Na Lei de medidas fiscais e administrativas do Estado.

**87. Segundo o literal do artigo 136 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando o persoal funcionario cambie de adscrición de subgrupo ou grupo**

**antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considerarase como:**

- a) Tempo de servizos prestados no anterior subgrupo ou grupo.
- b) Tempo de servizos prestados no anterior subgrupo.
- c) Tempo de servizos prestados no novo subgrupo ou grupo.

**88. Segundo o recollido no artigo 138 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o importe de cada unha das dúas pagas extraordinarias que ten dereito a percibir anualmente o persoal funcionario está composto de:**

- a) Unha mensualidade das retribucións básicas e do complemento de carreira.
- b) Unha mensualidade das retribucións básicas e dos complementos de carreira e de posto de traballo.
- c) Unha mensualidade das retribucións básicas e dos complementos de destino e específico.

**89. Segundo o recollido no artigo 146.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei aboarán o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de gozo da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o:**

- a) 100 % das retribucións fixas do mes do anterior ao do inicio da incapacidade temporal.
- b) 75 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.
- c) 100 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.

**90. Segundo o artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, o persoal comprendido no ámbito de aplicación da lei:**

- a) Non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público nunha localidade distinta.

- b) Non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, cargo ou actividade no sector público, agás nos supostos previstos nesta.
- c) Non poderá compatibilizar as súas actividades co desempeño, por si ou mediante substitución, dun segundo posto de traballo, no sector público, agás nos supostos previstos nesta para os cargos públicos.

**91. En base ao artigo 1 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, para os sós efectos desta lei, a actividade dos membros electivos das asembleas lexislativas das comunidades autónomas:**

- a) Considerarase actividade no sector público.
- b) Considerarase excluída do seu ámbito de aplicación.
- c) Non se considerará actividade no sector público.

**92. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, a lei será de aplicación:**

- a) Ao persoal que desempeñe funcións públicas, salvo que perciba a súa retribución mediante arancel.
- b) Ao persoal ao servizo do Banco de España e das institucións financeiras públicas.
- c) Ao persoal que preste servizos en empresas nas que a participación de capital, directa ou indirectamente, das administracións públicas sexa inferior ao 50 %.

**93. En base ao artigo 1 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, esta norma ten por obxecto a garantía de dereitos das persoas con discapacidade conforme a:**

- a) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Tratado da Unión Europea.

- b) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.
- c) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

**94. En base ao artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, atendendo ao principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade:**

- a) As actuacións que desenvolven as administracións públicas comprenden as políticas e as liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, onde se terán en conta as necesidades e as demandas das persoas con discapacidade.
- b) As organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias participarán na elaboración e avaliación das políticas oficiais que se desenvolven na esfera das persoas con discapacidade.
- c) As actividades e servizos que prestan as administracións públicas deberán poder ser utilizados por todas as persoas, na maior extensión posible, sen necesidade de adaptación nin deseño especializado.

**95. De acordo co artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a normalización:**

- a) Non é unha definición contida na lei.
- b) É un principio desta lei.
- c) É unha estratexia de actuación no ámbito educativo.

**96. De acordo co artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os servizos, prestacións e demais beneficios previstos nesta lei outorgaranse aos estranxeiros:**

- a) Só cando se trate de menores de idade, de conformidade co previsto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, nos tratados internacionais e nos convenios de cooperación internacional.
- b) Só cando se trate de menores de idade, de conformidade co previsto nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe.
- c) De conformidade co previsto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe.

**97. De acordo co artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade:**

- a) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, coas limitacións que se autoricen conforme ao previsto nesta lei.
- b) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, conforme ao noso ordenamento xurídico.
- c) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, conforme ao previsto na Constitución española.

**98. De acordo co artigo 13 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os programas de atención integral poderán comprender:**

- a) Toma de decisións en representación das persoas con discapacidade.
- b) Toma de decisións en representación das familias de persoas con discapacidade.
- c) Atención, tratamento e orientación psicolóxica.

**99. En base ao artigo 20 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, co fin de garantir o dereito a unha educación inclusiva das persoas con discapacidade, establécese como garantía**

**adicional que as persoas que cursen estudos universitarios cuxa discapacidade lles dificulte gravemente a adaptación ao réxime de convocatorias establecido, con carácter xeral:**

- a) Poderán solicitar a ampliación do número de convocatorias, na medida que compense a súa dificultade.
- b) Poderán solicitar a exención de probas ou a adaptación dos niveis de esixencia.
- c) Poderán solicitar ampliación de prazos para completar trámites administrativos.

**100. De acordo co artigo 32 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nos proxectos de vivendas protexidas:**

- a) Programarase un mínimo dun tres por cento coas características construtivas adecuadas que garantan o acceso seguro das persoas con discapacidade.
- b) Programarase un mínimo dun dous por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso seguro das persoas con discapacidade.
- c) Programarase un mínimo dun catro por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso e o desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade.

**101. De acordo co artigo 38 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a orientación e a colocación en igualdade de condicións das persoas con discapacidade que se atopen en situación de busca de emprego corresponde a:**

- a) Os servizos públicos de emprego, ben directamente ou ben a través de entidades colaboradoras, e ás axencias de colocación debidamente autorizadas.
- b) Os servizos públicos de emprego, sen prexuízo de que regulamentariamente se poida establecer a participación nestas actuacións de entidades colaboradoras e ás axencias de colocación.
- c) Os servizos públicos de emprego directamente.



**102. De conformidade co establecido no artigo 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á solicitude de acceso á información pública:**

- a) Cando as solicitudes se refiran a información que afecte dereitos e intereses de terceiros, o órgano encargado de resolver concederalles un prazo de dez días para que poidan formular alegacións.
- b) Cando as solicitudes se refiran a información que afecte a dereitos e intereses de terceiros, o órgano encargado de resolver concederalles un prazo de quince días para que poidan formular alegacións.
- c) Cando as solicitudes se refiran a información que afecte a dereitos de terceiros, o órgano encargado resolverá o que proceda tendo en conta os intereses en xogo.

**103. De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con relación á solicitude de acceso á información pública:**

- a) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse potestativamente unha reclamación ante o Valedor do Pobo, que substituirá os recursos administrativos.
- b) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo que será previa aos recursos administrativos.
- c) Contra a resolución expresa ou presunta en materia de acceso só poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo.

**104. Segundo o establecido no artigo 30.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno:**

- a) Os órganos responsables da transparencia dependerán da Secretaría Xeral da Presidencia e da dirección xeral de cada consellería.
- b) Os órganos responsables da transparencia na Administración xeral da comunidade autónoma, dependerán da Secretaría Xeral da Presidencia e da secretaría xeral técnica de cada consellería.

- c) Os órganos responsables da transparencia dependerán da Secretaría Xeral da Presidencia.

**105. Segundo o establecido no artigo 31.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, respecto da coordinación e o control interno en materia de transparencia:**

- a) A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación só exercerá as funcións de coordinación no cumprimento das obrigacións previstas na presente lei.
- b) A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación exercerá as funcións de coordinación e control no cumprimento das obrigacións previstas na presente lei.
- c) A Comisión Interdepartamental de Información, Transparencia e Bo Goberno exercerá as funcións de coordinación e control no cumprimento das obrigacións previstas na presente lei.

**106. Segundo o establecido no artigo 32.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre o Comisionado da Transparencia:**

- a) É o órgano dependente da Consellería de Facenda sobre o control do cumprimento das obrigacións comprendidas nesta lei.
- b) É o órgano independente de control do cumprimento das obrigacións comprendidas nesta lei.
- c) É o órgano dependente da consellería en materia de función pública sobre o control do cumprimento das obrigacións comprendidas nesta lei.

**107. Segundo o establecido no artigo 32.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, o Comisionado da Transparencia ten entre as súas funcións:**

- a) Poderá efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei, pero non asesorar nesta materia.
- b) Asesorar en materia de transparencia e efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei.

- c) Poderá efectuar requirimentos para a corrección dos incumprimentos en aplicación da presente lei e informar sobre anteprojectos de lei en materia de transparencia e bo goberno, pero non asesorar nesta materia.

**108. Segundo o establecido no artigo 33.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Comisión de Transparencia estará composta por:**

- a) Presidente ou presidenta, vicepresidente ou vicepresidenta e catro vogais.
- b) Presidente ou presidenta e catro vogais.
- c) Presidente ou presidenta, vicepresidente ou vicepresidenta e seis vogais.

**109. De conformidade co establecido no artigo 7.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o consentimento dos menores de idade:**

- a) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de 14 anos.
- b) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no consentimento dos seus pais ou titores.
- c) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de 16 anos.

**110. De conformidade co establecido no artigo 7.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre o consentimento dos menores:**

- a) O tratamento dos datos dos menores de 16 anos só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela.
- b) O tratamento dos datos dos menores de 14 anos só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela e a audiencia ao Ministerio Fiscal.
- c) O tratamento dos datos dos menores de 14 anos só será lícito se consta o do titular da patria potestade ou tutela.

**111. De conformidade co establecido no artigo 8.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre**

**o tratamento de datos por obrigação legal, interese público ou exercicio de poderes públicos:**

- a) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha orde.
- b) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha norma ou resolución administrativa.
- c) Só poderá considerarse fundado cando derive dunha competencia atribuída por unha norma con rango de lei.

**112. De conformidade co establecido no artigo 9.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sobre as categorías especiais de datos persoais:**

- a) O só consentimento do afectado bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou orixe racial ou étnica.
- b) O só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, relixión, orientación sexual, crenzas ou orixe racial ou étnica.
- c) O só consentimento do afectado non bastará para levantar a prohibición do tratamento de datos cuxa finalidade principal sexa identificar a súa ideoloxía, afiliación sindical, orientación sexual ou orixe racial ou étnica.

**113. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos é un principio:**

- a) Estatutario.
- b) Constitucional.
- c) Establecido nun decreto lei.

**114. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade**

**Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na adopción e execución das políticas dirixidas á eliminación de todo tipo de discriminacións contra as mulleres, a Xunta de Galicia tomará en consideración o traballo realizado por:**

- a) A Comisión para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.
- b) O Consello Galego das Mulleres.
- c) A Secretaría Xeral de Igualdade.

**115. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a procura e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas, é:**

- a) Unha medida de acción positiva.
- b) Unha medida para erradicar prexuizos.
- c) Un principio de actuación.

**116. Segundo o disposto no artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a situación en que unha persoa sexa, fose ou puidese ser tratada por razón de sexo de maneira menos favorable ca outra en situación comparable defínese como:**

- a) Discriminación indirecta.
- b) Discriminación directa.
- c) Acoso moral por razón de xénero.

**117. De conformidade co establecido no artigo 1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a normativa sobre prevención de riscos laborais está constituída por:**

- a) A presente lei, as súas disposicións de desenvolvemento ou complementarias e outras normas, legais ou convencionais.
- b) A presente lei e o Estatuto dos traballadores.
- c) A presente lei, as súas disposicións de desenvolvemento e outras normas.

**118. De conformidade co establecido no artigo 2.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, esta lei establece como principios xerais relativos á prevención dos riscos profesionais:**

- a) A eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo, a consulta e a formación dos traballadores.
- b) A eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo, a información, a participación equilibrada e a formación dos traballadores.
- c) A eliminación ou diminución dos riscos derivados do traballo, a información, a consulta, a participación equilibrada e a formación dos traballadores.

**119. De conformidade co establecido no artigo 2.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, para o cumprimento dos seus fins, a presente lei regula:**

- a) As actuacións que han desenvolver os empresarios, os traballadores e as súas respectivas organizacións representativas.
- b) As actuacións que han desenvolver as administracións públicas, os empresarios, os traballadores e as súas respectivas organizacións representativas.
- c) As actuacións que han desenvolver as administracións públicas, os empresarios e os traballadores.

**120. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, esta lei será de aplicación a:**

- a) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores, ao persoal ao servizo das administracións públicas e ás sociedades cooperativas nas que existan socios cuxa actividade consista na prestación dun traballo persoal.
- b) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores e ao persoal ao servizo das administracións públicas.
- c) As relacións laborais reguladas no Estatuto dos traballadores e a todas as sociedades cooperativas.

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

**121. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 39/2015, é obxecto desta (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Regular os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.
- b) Regular o procedemento administrativo común a todas as administracións públicas, incluído o sancionador e o de reclamación de responsabilidade das administracións públicas.
- c) As bases do réxime xurídico das administracións públicas.

**122. De conformidade co ámbito subxectivo previsto no artigo 2 da Lei 39/2015, a quen se aplica esta lei con carácter supletorio? (sinale a resposta incorrecta):**

- a) Ás universidades públicas.
- b) Ás entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas, cando exerzan potestades administrativas.
- c) Ás corporacións de dereito público no exercicio das funcións públicas que lles fosen atribuídas.

**123. De conformidade co disposto no artigo 53 da Lei 39/2015, os interesados nun procedemento administrativo teñen os seguintes dereitos (sinale a resposta incorrecta):**

- a) A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- b) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.
- c) A formular alegacións, a utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a achegar documentos en calquera fase do procedemento, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

**124. De conformidade co previsto no artigo 57 da Lei 39/2015, o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que fose a forma da súa iniciación, poderá:**

- a) Dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, aínda que non sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento
- b) Dispoñer, de oficio ou a instancia de parte, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.
- c) Dispoñer, unicamente de oficio, a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.

**125. Segundo o artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei ten por obxecto:**

- a) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración xeral do Estado e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- b) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración autonómica e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
- c) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración local e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.



